



Como unha actividade máis dentro do proxecto europeo ERASMUS+ KA219

### **“El valor de la ciudadanía: la educación como fundamento del futuro en Europa”**

creouse un espazo na biblioteca do Centro sobre temas relacionados con Europa.

A idea dunha Europa común é a que anima unha serie de actividades do noso centro, e que durante estes dous cursos polariza o traballo dun grupo de alumnos e alumnas de 1º de Bacharelato e algún e algunha de 4º de ESO.

Os primeiros títulos xa están á vosa disposición e intentan responder á pregunta sobre as orixes da Unión Europea. Pensadores e políticos que ao longo do tempo foron forxando a idea dunha Europa en paz, unida con valores supranacionais que respectaran e defenderan as distintas singularidades; tamén hai sitio para outros pensadores que criticaron e denostaron esa mesma idea de Europa. Coñecer os distintos puntos de vista é paso necesario para poder orientar o noso propio.

Entre estes primeiros pensadores atoparedes nomes universais e figuras moi importantes na historia precedente que ademais tiveron un papel moi singular en prol da defensa dun futuro en común e o fomento de valores colectivos de cooperación e desenvolvemento: Churchill, Adenauer, Schengen, Schuman, Salvador de Madariaga ou Ortega y Gasset forman parte xa dun rincón da nosa biblioteca adicado á nosa realidade pasada, presente e futura.

J. Manuel Yáñez Dablanca  
Coordinador de proxectos europeos  
Novembro 2018

